

Manuel Puente

Bmé.Mitre 1263
BUENOS AIRES

Buenos Aires Mayo 4 de 1961

Señor Don

Luis TOBIO
Casilla Correo 149
MONTEVIDEO-URUGUAY

Meu querido Don Luis:

Recibín su carta del 18 de Abril e non puden contestar antes porque pasei uns dias muy aterefado -con varias cousas-presentación de liquidación de Réditos que debe compor un mesmo, e lios en outras actividades que me tiberon e teñen absorvido.-

Alégrome que arranxase con Barreiro a impresión.-

En canto o mapa creo que mellor seria facer intervenir a Alvaro Gil que foi o que lle abonou o cartógrafo que os fixo, que e de Madrid, o por que tamén ten no seu poder unha suma de Pesetas-escriballe pois mañan sobre este asunto e espero que así poidamos ter a solución mais pronto.-

Respecto a composición en corpo 12/12, e certo que seria mellor pero debemos considerar si a obra non se encarecería demasiado, con todo o que hay que agregarlle, refírome o precio que vay a resultar para a venda que e o que me está preocupando, porque po la miña parte tamén me inclino o mellor-deixo enton que vostede resolva o que lle pareza.-

Respecto a parte material, estóu disposto a constituir ahí un fondo de garantía, si ~~elo~~ e necesario, por todo o valor da obra, co fin de ir abonando a medida que avance o traballo, para esto e o arranxo do contrato irei a esa no transcurso da semana que ven.-

Afervoados saudos de seu amigo

*Incluyolle copia
da carta a Alvaro Gil
a que escribo o xo*

Manuel Puente